

**DOSSIER**

TEATRO DA RAMBOIA

# o meu mundo NON É DESTE REINO

unha farsa de Manuel María



dirección e dramaturxia  
**MARÍA PEINADO**

con

**ANXO GARCÍA**  
**FRAN LAREU**





## SINOPSE

Uns feirantes chegan ao que chaman fogar logo dun día de traballo. Son Camilo e Tomás, dous titiriteiros que levan o mesmo espectáculo unha e outra vez polas vilas do país. Carretan ás costas un enorme "tutilimundi". A disxuntiva de abril convérteo nunha caixa de pandora latente.

Contar e dar vida ao que contén, supón a única vía de escape dos totalitarismos que os oprimen. Un xeito de sobrevivir nun reino militarizado sen trazas de lóxica humanística. Nun contexto ao que non pertencen, nun reino que non é do seu mundo.

Ábrenos. As marionetas emerxen da farsa como alegorías incontrolables e esperpénticas dunha realidade pasada. A comedia ábrese paso como xerme de cambio nun xogo continuado entre o micro e macro teatro. Ata que todo remata. Desbórdase.





Neste reino, a inxustiza tinguéase de vivas cores querendo despistar ao senso común, ao oprimido. E que ocorre co resto? Cos que lle rodean? Esvaecen nun fondo descolorido.

**O Meu Mundo non é deste Reino**, é unha adaptación da Farsa de Bululú de Manuel María, unha parodia da ditadura franquista. A recuperación do título orixinal da obra serve para proxectar este laio silenciado no seu día. Hoxe, encabeza o espectáculo de novo para facer fronte a un pasado que insiste en repetirse.



## A COMPAÑÍA

Ideada coa intención de ser unha compañía que se fundamente na investigación das relacións entre o teatro, a música e as artes plásticas desde a súa intersección no teatro de marionetas, nace Teatro da Ramboia no ano 2012. Trátase dunha nova experiencia teatral de Anxo García despois de Viravolta e Seisdedos e a desaparecida Teatro da Gavela. Unha compañía de espectáculos multidisciplinar creada coa intención de contrabandear ideas e imaxes a través das fronteiras existentes entre o teatro de marionetas e calquera outra forma de expresión.

Para este espectáculo a equipa de Teatro da Ramboia amplíase, contando agora coa directora María Peinado e o actor Fran Lareu. A experiencia deles en compañías como ilMaquinario Teatro, A Cova das Letras, Elefante Elegante ou Viravolta e Seisdedos, pretende servir de apoio a unha liña de creación que mesture a tradición coa contemporaneidade nas súas propostas, reforzando así o obxectivo de investigación que a propia compañía ten desde o seu inicio.

Unha nova formación con vocación de continuidade sustentada no traballo colectivo e que privilexia a artesanía no traballo de creación do teatro de obxectos. Pretendemos poñer en valor este tipo de linguaxe escénica, mediante o saber facer dos anos de experiencia e os traballos realizados polos tres membros da Ramboia. Ao que sumamos a experiencia no traballo textual e actoral dos compoñentes para en definitiva, ofertar unha experiencia teatral completa.





## **A DIRECTORA**





## MARÍA PEINADO

Titulada Superior en Arte Dramática (Interpretación Textual) pola ESAD de Galicia. Formada en Filoloxía Inglesa na UDC e na Universidade de Nottingham Trent no Reino Unido.

Participa como actriz nas montaxes Lela anda en Bicicleta do Proxecto Toromelos dirixida por Ricardo Solveira, na obra Piratiñas de Viravolta Títeres, na campaña de animación á lectura O Pazo da Faba de ilMaquinario Teatro, ou no proxecto As irmás Palavrakis baseado en textos de Angélica Liddell, no que ademais de actriz realiza a dramaturxia e codirixe.

A partir do ano 2016 realiza diversas axudantías de dirección. Ente elas destacan o traballo a carón Tito Asorey en Resaca de ilMaquinario Teatro, ou xunto a este mesmo director na montaxe En Busca do Nadal de Crémilo, cun texto de Manolo Cortés. No ano 2018 traballa como axudante de dirección durante a montaxe e xira do espectáculo musical con marionetas, A Gata con Zocos da compañía A Cova das Letras, dirixido por Cristina Collazo.

No ano 2017 dirixe varias pezas de microteatro, entre elas Naturezas, na que se encarga da escrita e dramaturxia da mesma.

No ano 2018 dirixe e realiza a dramaturxia do espectáculo A Corva de A Cova das Letras. Neste mesmo ano, realiza a labor de produción e distribución para a compañía Viravolta Títeres.

Na súa labor como escritora, a súa obra Laio é premiada no 2014 cun accésit na categoría de relato negro, dentro do Certame Nacional Vigo Histórico organizado pola Editorial Elvira. No anos 2015 e 2016 respectivamente, os seus relatos Pedra e Sal e Aurora son publicados pola mesma editorial nas antoloxías Relatos na Rúa II e III. No ano 2018 participa na escrita poética e publicación dun photo - book titulado I am no one en colaboración coa fotógrafa Sabela Peinado. O resultado deste traballo foi exposto recentemente en Brick Lane, Londres.



## ○ ELENCO



## FRAN LAREU

Titulado Superior en Arte Dramática, na especialidade de Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Trompetista formado no conservatorio profesional de Lalín.

Cursa estudos na escola Espazo Aberto de Santiago de Compostela, e realiza cursos de clown con mestres como Joseph Collard, e de voz con Nuria Montero e Ángel Almazán.

No 2005 obtén unha bolsa da Unión Europea do programa Youth Theatre Study para a realización dun curso de teatro e circo na República Checa.

No 2006 comeza a súa relación coas compañías Viravolta Títeres e Seisdedos, coas que traballa e aprende o oficio de titiriteiro. Con elas fai, entre outros, os espectáculos O Cego dos monifates, Varietés ou Duetto de fío.

Continúa a súa carreira teatral con varias compañías profesionais, coas que realiza diversas montaxes entre as que se atopan O Conde Alarcos de Teatro da Gavela, Zampón o Lambón de Fantoques Baj, Zuco, Zaca e Zico de Zancalino Produ, A familia Nolfini de Boneca Lareta, a obra de Commedia dell'Arte O Forno de Elefante Elegante e As Laranxas máis Laranxas de todas as Laranxas do Centro Dramático Galego.

É co-fundador da compañía ilMaquinario Teatro, coa que realiza as obras O Home Almofada, Perplexo e Resaca polas que é nomeado a Mellor Actor Protagonista nos Premios María Casares 2013, 2014 e 2017 respectivamente. No 2015 realiza un pequeno papel na película María y los demás dirixida por Nely Reguera.

Nese mesmo ano, traballa como actor na serie de televisión O Faro para TVG e TV3. Tamén para a Televisión de Galicia traballa nas series Fontealba (2016) ou Serramoura (2017), así como na tv-movie Contou Rosalía (2017).

Recentemente foi un dos protagonistas da serie de Antena 3, Fariña e ven de participar na segunda temporada da serie de Telecinco Vivir Sin Permiso. O seu último traballo é na serie A Estiba de TvG.

## ANXO GARCÍA

Comeza realizando diversos traballos como dinamizador cultural en Lalín ata que en 1982 forma xunto con outras persoas a compañía Viravolta Títeres. Compañía que ata hoxe ten producidos máis de trinta espectáculos, participado en catro coproducións e en tres montaxes experimentais.

No ano 1994, no seo de Viravolta, Anxo García funda Seisdedos, compañía centrada na produción de espectáculos de medio e pequeno formato, onde prima a interacción co público e se combinan técnicas de actor con técnicas das marionetas. Ademais da produción e distribución de espectáculos de monicreques realizan outras actividades: cursos, exposicións, programacións (Titerentroido, Titiridez e Cantos e contos do Nadal); sempre relacionadas co mundo da marioneta.

No 2012 funda Teatro da Ramboia coa intención de afondar na relación entre as marionetas e outras artes.

En paralelo ao seu traballo en Viravolta e Seisdedos, Anxo García participa en espectáculos de diversas compañías como as seguintes: Os Quinquilláns, Ghazafellos, Teatro da Gavela, A Cova das Letras ou o Retablo das Marabillas.

Ademais da traxectoria no teatro de monicreques, realiza outras actividades coma impartir cursos, exposicións, charlas ou obradoiros de construción, sempre relacionadas co mundo da marioneta.

Como actor/manipulador traballa coas compañías Viravolta Títeres (36 espectáculos) Seisdedos (6 espectáculos) Teatro da Ramboia (6 espectáculos) Os Quinquilláns (4 espectáculos) O Retablo das Marabillas (2 espectáculos) Teatro da Gavela (2 espectáculos) A Cova das Letras (2 espectáculos) Ghazafellos (1 espectáculo)





## **EQUIPA**

diseño gráfico

**Fran Lareu**

diseño escenografía, marionetas e vestuario

**María Peinado**

fotografía e vídeo

**Sabela Peinado**

diseño iluminación

**Germán Gundín**

fotografía e vídeo espectáculo

**No Majors**

realización escenografía

**Armindo Salgueiro e Anxo García**

técnico de escena

**Dani Pais**

apoyo escenografía

**Luis Iglesias "Luchi"**

cover técnico

**Roi López Blanco**

construcción marionetas

**Anxo García**

producción

**Anxo García**

realización vestuario

**Nidia Rodríguez Romero**

producción executiva e distribución

**Fran Lareu**

espazo sonoro

**María Peinado**

dramaturxia e dirección

**María Peinado**

O Meu Mundo non é deste Reino  
resultou gañador do 1º



CERTAME  
MANUEL MARÍA  
DE PROXECTOS TEATRAIS

convocado pola Casa-Museo Manuel María,

co apoio das Deputacións de

A CORUÑA, LUGO e PONTEVEDRA;

e os concellos de

A CORUÑA, AMES, BARBADÁS, BETANZOS, BRIÓN,  
CAMBADOS, CAMBRE, CANGAS, CARBALLO, CARRAL,  
CEDEIRA, CULLEREDO, MALPICA, MONFORTE, MUROS,  
NEDA, OLEIROS, PONTEAREAS, PONTEVEDRA,  
RIANXO, RIBADEO, VERÍN e VIMIANZO.



**DISTRIBUCIÓN:** Fran Lareu T. 635 815 558 teatrodaramboia@gmail.com

**PÚBLICO:** Recomendado a maiores de 14 anos. Temos dispoñible unha Unidade Didáctica que ofrecemos aos centros que soliciten funcións para público escolar.

**DURACIÓN:** 85 min.